

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 27 DE FEBREIRO DO 2025.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p>
---	--

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do d3a Vinte e sete de Febreiro do Dous mil vinte e cinco, re3nense os se3ores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesi3n pola Presidencia, p3sase ao exame, deliberaci3n e votaci3n das propostas incluídas na orde do d3a desta sesi3n, adopt3ndose, por delegaci3n da Alcald3a efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACI3N DAS ACTAS DE SESI3NS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesi3n ordinaria celebrada na data 20/02/2024

2.- DACI3N DE CONTA DO DECRETO 202502/403

D3ase conta 3 Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio P3rez Barral, de data 20/02/2025. DECRETO: "Arrendamento de nave emprazada no lugar de Cruxeiras, propiedade de VIODER, S.L., co obxecto de destinala a dep3sito municipal de veh3culos (Referencia catastral 15074A005002550001LU)"

3.- DACI3N DE CONTA DO DECRETO 202502/407

D3ase conta 3 Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio P3rez Barral, de data 20/02/2025. DECRETO: "NOVACI3N ADXUDICATARIA"



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202502/411

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/02/2025. DECRETO: "ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO TEATRAL "VAIANA-EL MUSICAL DEL MOMENTO""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202502/421

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/02/2025. DECRETO: "DECRETO POLO QUE SE DECLARA DESERTA A LICITACIÓN CONVOCADA PARA A CONTRATACIÓN DE "SERVIZOS DE DOCENCIA E TITORÍAS DO CURSO AFD DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO""

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2810 05.02.2025 JOSÉ ANTONIO MORENO BUSTAMANTE, limpeza e pintado de fachadas, no lugar da Lomba, nº 28, Palmeira.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2742 04.02.2025 MANUELA PAZ MARIÑO, muro de peche, no lugar de Areeiros, Castiñeiras.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2599 03.02.2025 LAURA DEL CAMPO FERNÁNDEZ PARIS, reforma de baño e cociña, na Avda. da Coruña, nº 68-A, 9D, Ribeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente,



segundo a seguinte relación:

2610 03.02.2025 ASOCIACIÓN AMBAR, mantemento de fachada, cuberta e marquesiña, no lugar da Granxa, nº 5, Frións.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24047 25.09.2024 MIGUEL ROMERO PUENTE, peche de parcela, no lugar de Espiñeirido, Olveira.

11.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR:-RÚA DR TORRES Nº 10, PALMEIRA, RIBEIRA. PROMOTORA: MANUELA GONZÁLEZ MILLÁN

VISTA a solicitude de licenza de obra maior **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, NO LUGAR DE RÚA DR. TORRES, Nº 10, PALMEIRA RIBEIRA**, da que é promotora **Dna. Manuela González Millán**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** de data **5 de febreiro de 2025**, o informe do **técnico de administración xeral** de data **18 de febreiro de 2025** e do **secretario xeral da Corporación** de data **19 de febreiro de 2025**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 34/24, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 12 de setembro de 2024 a Dna.Manuela González Millán, consistente en **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16 de xaneiro de 2025 así como Escrito xustificativo normativa asinado dixitalmente o día 27 de xaneiro de 2025 redactado por D. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169) así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16 de xaneiro de 2025, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 16 de xaneiro de 2025.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):



- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de eficiencia enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.



FIRMANTE - FECHA



- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÈTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e



mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

12.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. PABLO VIDAL GONZÁLEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. JOSÉ LUÍS MIGUEL DE CASTRO, POLOS DANOS OCASIONADOS POLO CAMBIO DE ALIÑACIÓN NA LICENZA DE OBRAS 31/2021. EXPEDIENTE 2023 RESP000039.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. PABLO VIDAL GONZÁLEZ**, en nome e representación de **D. JOSÉ LUIS MIGUEL DE CASTRO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/11/2020 co número 202000015587, D. Raúl Victor Ares Fuertes, en nome e representación de D. José Luis Miguel de Castro, solicita licenza de obra para a reforma e ampliación de edificio de 8 vivendas na Rúa Norte, nº 25, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira.

Segundo.- Na data 18/11/2021, D. José Luis Miguel de Castro e D^a Lorena Formoso Seráns, asinan documento administrativo de cesión para dominio e uso público, dunha superficie de 30,80 metros cadrados da parcela con referencia catastral 3547301NH0134N0001SI, necesaria para a apertura ou regularización do viario como consecuencia das obras de reforma e ampliación dun edificio de vivendas en Rúa do Norte, 25, Palmeira, en cumprimento do retranqueo por aliñacións do PXOM no que se especifica que os terreos a ceder están afectados por ampliación de viarios existentes.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 02/12/2021, acordou conceder a D^a Lorena Formoso Seráns e a D. José Luis Miguel de Castro unha licenza de obras para reforma e ampliación de edificio existente para oito vivendas, sito na Rúa do Norte, nº 25, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, na parcela con referencia catastral 3547301NH0134N0001SI, nos termos do proxecto básico de novembro de 2020 redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P (Licenza número 31/21).

O citado acordo indica de forma expresa o seguinte:

"PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Lorena Formoso Seráns e D. José Luis Miguel de Castro LICENZA DE OBRAS (Nº 31/21) para REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA OITO (8) VIVENDAS, sito na Rúa do Norte nº 25, Palmeira, Ribeira, en parcela con ref^a catastral nº 3547301NH0134N0001SI, nos termos do Proxecto Básico de novembro de 2020 redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P

- **Deberá presentar con anterioridade ao inicio da obras Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos.**
- **En relación á superficie de cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións de 30,80 m2, deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa ou simultaneamente coa construción da edificación ata as**



aliñacións e no seu caso reforzalas ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas arcas municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 1.043,04 euros en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

- **Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza. (...).”

Dito acordo foi notificado ó interesado de forma electrónica na data 02/12/2021.

Cuarto.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/08/2022 co número 202200014737, D. Raúl Víctor Ares Fuertes, en nome e representación de José Luis Miguel de Castro, achega o proxecto de execución de reforma de edificio para 8 vivendas na Rúa do Norte, parroquia de Palmeira.

Quinto.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 12/12/2022 co número 202200023858, D. Pablo Vidal González, en nome e representación de José Luis Miguel de Castro, presenta oficio de dirección de obra, de dirección de execución material e de coordinación de seguridade e saúde.

Sexto.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 29/03/2023 co número 202300007988, D. Pablo Vidal González, en nome e representación de D. José Luis Miguel de Castro, achega novo plano de aliñación, tras reunión mantida o día 20/03/2023 cos técnicos municipais.

Sétimo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 19/04/2023 co número 202300009832, D. Pablo Vidal González, en nome e representación de D. José Luis Miguel de Castro, achega novo plano de aliñación, tras a visita á obra do arquitecto e delineante municipais na data 14/04/2023.

Oitavo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/04/2023 co número 202300009925, D. Pablo Vidal González, en nome e representación de D. José Luis Miguel de Castro, achega novo plano de aliñación, tras a visita á obra do arquitecto e delineante municipais na data 14/04/2023.

Noveno.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/07/2023 co número 202300016188, D. Raúl Víctor Ares Fuertes, en nome e representación de D. José Luis Miguel de Castro, achega modificado de proxecto básico do proxecto de reforma e ampliación de edificio existente para oito vivendas sito na Rúa Norte, nº 25, parroquia de Palmeira.

Décimo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 31/03/2024 co número 202400007712, D. Raúl Víctor Ares Fuertes, en nome e representación de D. José Luis Miguel de Castro, achega documentación en substitución do proxecto modificado presentado en xullo de 2023 no que se modifica: *“baño del bajo dcha, lavadero del bajo izda, lavadero del 1º y 2º dcha. Se modifica el bajocubierta pasando a tener una única vivienda en lugar de 2 y se modifica la cubierta, pasando una parte a cubierta plana para albergar instalaciones.”*



Décimo Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 16/05/2024, acordou conceder a D^a Lorena Formoso Seráns e a D. José Luis Miguel de Castro o modificado da licenza de obras nº 31/21 para reforma e ampliación de edificio existente para oito vivendas, sito na Rúa do Norte, nº 25, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, na parcela con referencia catastral 3547301NH0134N0001SI, nos termos do proxecto básico asinado dixitalmente o día 31 de marzo de 2024 redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P.

O citado acordo indica de forma expresa o seguinte:

“PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Lorena Formoso Seráns e D. José Luis Miguel de Castro o MODIFICADO DA LICENZA DE OBRAS Nº 31/21 para REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA OITO (8) VIVENDAS, sito na Rúa do Norte nº 25, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3547301NH0134N0001SI, nos termos do Proxecto Básico asinado dixitalmente o día 31 de marzo de 2024 redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P

- **Deberá presentar con anterioridade ao inicio da obras Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos.**
- **En relación á superficie de cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións de 30,80 m2, deberá demoler o muro existente e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa ou simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalas ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas arcas municipais segundo informe da enxeñeira municipal unha fianza de 1.043,04 euros en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.”

Dito acordo foi notificado ó interesado de forma telemática na data 17/05/2024.

Décimo Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 24/04/2023 co número 2023000010069, D. Pablo Vidal González, en nome e representación de D. José Luis Miguel de Castro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira, polos danos ocasionados polo cambio de aliñación da licenza de obras 31/2021, outorgada para a ampliación e reforma de edificio existente para vivendas en Rúa Norte, nº 25, da parroquia de Palmeira.

No citado escrito cuantifica o total dos gastos derivados polo cambio de aliñación na contía de 27.890 euros, polos conceptos de perda patrimonial, proxecto de execución modificado, e revisión de proxecto de execución modificado por parte da OCT, aínda que sen concretar a contía que pertence a cada un dos conceptos.

Décimo Terceiro.- Durante o trámite correspondente ó período de proba, o reclamante achega escrito, rexistrado de entrada na data 22/02/2024 co número 202400004444, no que solicita que se dite resolución estimando a responsabilidade patrimonial demandada e recoñecendo ós reclamantes o dereito a percibir o importe de



45.527,15 euros, mais os xuros legais que correspondan, polos conceptos referidos a continuación e segundo as facturas que achega co citado escrito:

- a) Perda patrimonial: 35.779,6 euros en total, desglosados nos seguintes conceptos:
- 15.874,30 euros en concepto de valor do solo que se perde coa nova aliñación, segundo informe de taxación realizado polo arquitecto técnico Pablo Vidal González en outubro de 2023.
 - 17.254 euros (8.179,00 + 9.075,00) en concepto da totalidade dos traballos asociados ós cambios no proxecto consecuencia do cambio de aliñación aprobado polo Concello de Ribeira, desde a man de obra ata a totalidade dos materiais requiridos, acreditados por facturas emitidas por "Construcciones José Chouza y Segundo Gómez" números 18/23 e 28/23..
 - 2.651,30 euros en concepto dos servizos de asesoramento legal e económico respecto da modificación na aliñación, que se acreditan con dúas facturas emitidas pola entidade "Arpedam Consulting y Servicios Multiples, S.L." con números 2023/f-039 e 2024/f-006.
- b) Proxecto de execución modificado: 8.536,95 euros, que se acredita coa factura número 01/2024 emitida por Pablo Vidal González.
- c) Revisión de proxecto de execución modificado por parte da OCT: 1.210,00 euros, que se acredita coa factura número A24020029 emitida pola entidade "Enmacosa Consultoría Técnica S.A."

Décimo Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el o informe emitido na data 12/07/2024 polo técnico de administración xeral adscrito ó departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa.

Decimo Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte do reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 30/09/2024 co número 202400024556, no que incrementa a contía da indemnización solicitada no seu escrito rexistrado de entrada na data 24/04/2023 e no seu escrito rexistrado de entrada na data 22/02/2024 en 94.000 euros, respecto da perda patrimonial acaecida consecuencia do retraso orixinado polo cambio da aliñación, solicitando en total a contía de 139.527,15 euros, mais os xuros legais que correspondan.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimado o Sr. José Luis Miguel de Castro para deducir a reclamación de indemnización dos danos que pretende, por ser un dos titulares da licenza de obras número 31/21, e fíxoo en forma, e con anterioridade ó acordo



FIRMANTE - FECHA



polo que o Concello de Ribeira outorga o modificado da licenza de obras nº 31/21 (acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/05/2024, notificado na data 17/05/2024).

Actúa representado por D. Pablo Vidal González, quen acredita debidamente a súa representación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, ó ser a Administración que outorga a licenza de obras número 31/21.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos polo Sr. Miguel de Castro polo novo replanteo da aliñeación. Así se deduce dos documentos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta ós danos padecidos á actuación municipal concretada na delimitación inexacta do eixo da vía pública en relación á licenza de obras número 31/21.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **O técnico de administración xeral adscrito á xefatura do departamento de urbanismo**, en informe realizado na data 12/07/2024 dispón o seguinte no punto cuarto dos antecedentes de feito: **“Cómpre destacar que respecto ao cambio de aliñación, debeuse unicamente a un erro imputable á administración municipal que debido á falta de detalle preciso existente nos planos do PXOM delimitou con inexactitude o eixo da vía pública obrigando ao promotor a modificar o proxecto, o que finalmente conlevou á redacción dun novo proxecto”**, concluíndo que: **“procede indemnizar ao promotor reclamante a cantidade correspondente ao importe da redacción do Proxecto Básico de novembro de 2020 así como do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 19 de maio de 2022 ambos redactados por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P.”**

Sentado o anterior, non se pode mais que concluír que **os danos padecidos polo reclamante foron como consecuencia do funcionamento do servizo público municipal, existindo un innegable nexo de causalidade entre os prexuízos sufridos e o funcionamento da administración municipal.**

Con respecto ó **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada polo reclamante.

A este respecto, cómpre precisar que o reclamante modifica a contía solicitada ó longo da tramitación do expediente.

Así, no escrito que promove a reclamación de responsabilidade patrimonial, rexistrado de entrada na data 24/04/2023 co número 202310069, solicita unha indemnización total de 27.890 €, polos conceptos de perda patrimonial, proxecto de execución modificado e revisión de proxecto de execución modificado por parte da OTC.

Posteriormente, en escrito rexistrado de entrada na data 22/02/2024 co número 20244444, solicita unha indemnización total de 45.527,15 €, mais os xuros legais que correspondan, polos conceptos referidos no anterior escrito.

E por último, en escrito rexistrado de entrada na data 30/09/2024 co número 202424556, solicita unha indemnización total de 139.527,15 €, mais os xuros legais que



correspondan, polos conceptos referidos nos anteriores escritos e que de seguido pasamos a analizar:

1. **Perda Patrimonial:** Demanda por este concepto un total de **35.779,6 €** (resultado da suma das seguintes contías: 15.874,30 € + 17.254 € + 2.651,30 €), importe que desglosa nos seguintes apartados:

- **O valor do solo que se perde coa nova aliñación.** Alega o reclamante que coa nova aliñación perden solo que deixan de vender, en concreto 10 m2, que se valoran nun total de **15.874,30 €**, segundo se indica no informe de taxación por reclamación de perda patrimonial asinado na data 22/02/2024 polo arquitecto técnico D. Pablo Vidal González e que o reclamante achega co escrito presentado na data 22/02/2024 co número 20244444. Cualifica de “caprichosa” a decisión da administración de modificar a aliñación, ó non estar motivada no informe emitido polo responsable do departamento de urbanismo, entendendo que a administración está a apropiarse duns terreos, sen contraprestación pola súa adquisición, o que sería unha expropiación de facto, xustificada por un erro na aliñación.

Discrépase totalmente do referido polo reclamante en relación a este concepto, polos seguintes motivos:

Primeiro: Porque non é certo que o cambio de aliñación se deba a unha decisión arbitraria da administración municipal. Aínda que de forma elemental, o técnico do departamento de urbanismo explica no seu informe que o erro na delimitación da aliñación foi debido á falta de detalle existente nos planos do PXOM, que derivou nunha delimitación inexacta do eixo da vía pública, é dicir, nun erro no replanteo da aliñación.

Segundo: Porque o solo afectado por aliñacións, isto é, o terreo destinado a viais fóra das aliñacións, debe cederse para uso e dominio público polos propietarios do solo. É unha obriga dos propietarios segundo se recolle no artigo 20 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que dispón o seguinte: “*En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes: a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar, ampliar o volume ou rehabilitar integralmente edificacións existentes*”. Obriga que non leva consigo ningún tipo de contraprestación por parte da administración. Como consecuencia disto, o solo obxecto de cesión non xera ningún tipo de beneficio para o promotor, non ten aproveitamento urbanístico porque está previamente destinado ó viario.

En atención ó disposto, **entendese que o valor do solo que se perde co novo replanteo da aliñación establecida non debe ser obxecto de indemnización** por parte da administración municipal.



- **A demolición da obra executada que se veu afectada polo cambio de aliñación e a construción do demolido conforme ó proxecto modificado adaptado á nova aliñación.** Demandan por este concepto a contía de **17.254 €** (8.179,00 € + 9.075,00 €), segundo facturas emitidas polo construtor “*Construcciones José Chouza y Segundo Gómez*” cos número 18/23 e 28/23.

Discrúpase totalmente do referido polo reclamante en relación a este concepto, polos seguintes motivos:

Primeiro.- Porque non resulta acreditado polo reclamante en que consistiu a obra que realizou e que posteriormente tivo que demoler. A factura que achega con fin de demostrar os gastos que reclama nada nos indica da obra que supostamente se realizou: cimentación? forxados? pilares?, que é o que se executou?, debe constar unha certificación da obra que se realizou, fotografías, un acta da obra, etc. O único que achega o reclamante é a factura número 18/23 coa seguinte descrición: “*Trabajos de demolición y ejecución obra de la parte modificada según el nuevo proyecto. Incluye mano de obra y la totalidad de los materiales necesarios*”. E a factura número 28/23 coa seguinte descrición: “*Trabajos de demolición y ejecución obra según nuevo proyecto.*”

Segundo.- Porque segundo indica o responsable do departamento de urbanismo no seu informe emitido na data 12/07/2024, a documentación para iniciar a execución da obra non estaba completa ata o día 12 de decembro de 2022, facendo constar que o proxecto de execución non foi aprobado pola Xunta de Goberno Local.

Esta significativa afirmación implica que as obras non deberían terse iniciado, xa que para isto é necesario a aprobación polo Concello do proxecto de execución.

A eficacia do proxecto básico esgotase no acto de outorgamento ou concesión da licenza na medida en que para poder iniciar as obras é preciso presentar o **proxecto de execución, único que, previo visado urbanístico, autoriza a iniciar a execución das obras unha vez aprobado polo Concello e contrastado que se axusta ó básico** nos datos e antecedentes urbanísticos que aquel contén e que determinaron a concesión da licenza. Soamente cando o proxecto de execución se aproba, as obras poden iniciarse e teñen que axustarse a este, posto que solo o proxecto de execución describe de forma completa nos seus detalles e especificacións todos os materiais, sistemas construtivos, equipos, memoria de cimentación, estrutura e oficios, planos de cimentación e estrutura, planos de detalle, etc, e que pode ser executado por arquitecto distinto ó que redactou ambos proxectos (o básico e o de execución).

O feito de que se iniciaran as obras antes da aprobación do proxecto de execución por parte do Concello, é indicativo dunha conducta negligente por parte do reclamante, que racharían o nexo



causal que esixe o recoñecemento da responsabilidade patrimonial da administración.

En atención ó disposto, **entendese que os gastos demandados por este concepto non deben ser obxecto de indemnización** por parte da administración municipal.

- **Os servizos necesarios de asesoramento legal e económico respecto da modificación na aliñación.** Demandan por este concepto a contía de **2.651,30 €** (800 € + 1.851,30 €), segundo facturas emitidas pola entidade “Arpedam Consulting y Servicios Multiples, S.L.” cos números 2024/f-006 e 2023/f-039.

Discrúpase totalmente do referido polo reclamante en relación a este concepto, porque non resulta debidamente acreditado polo reclamante a que se corresponden estes gastos, e sobre todo, que relación teñen co novo replanteo da aliñación da licenza nº 31/21.

En atención ó disposto, **enténdese que os gastos demandados por este concepto non deben ser obxecto de indemnización** por parte da administración municipal.

2. **Proxecto de execución modificado.** Demanda por este concepto a contía de **8.536,95 €**, segundo factura número 01/2024 emitida polo arquitecto técnico Pablo Vidal González, que contén a seguinte descrición dos traballos polos que se emite a factura: *“Proyecto Básico y de ejecución modificado debido al cambio de alineación de la licencia 31-21 en Rúa Norte, 25 – Palmeira.”*

Non obstante, cómpre resaltar dous aspectos:

Primeiro: Que o reclamante achega dous modificados do proxecto básico (rexistro de entrada de data 04/07/2023 co número 202300016188, e rexistro de entrada de data 31/03/2024 co número 202400007712), pero non achega ningún proxecto de execución, que a día de hoxe non consta presentado.

Segundo.- Que o arquitecto técnico Pablo Vidal González, que é quen emite a factura pola redacción dos proxectos básico e de execución, non ten competencia profesional para redactar un proxecto da entidade obxecto do expediente de referencia. Todo isto, de conformidade co disposto no artigo 10.2 a) da Lei 38/1999, do 05 de novembro, de Ordenación da Edificación: *“2. Son obligaciones del proyectista: a) Estar en posesión de la titulación académica y profesional habilitante de arquitecto, arquitecto técnico, ingeniero o ingeniero técnico, según corresponda, y cumplir las condiciones exigibles para el ejercicio de la profesión. En caso de personas jurídicas, designar al técnico redactor del proyecto que tenga la titulación profesional habilitante. Cuando el proyecto a realizar tenga por objeto la construcción de edificios para los usos indicados en el grupo a) del apartado 1 del art. 2, la titulación académica y profesional habilitante será la de arquitecto.”*; dispoñendo o artigo 2.1 a) do referido texto legal que: *“1. Esta Ley es de aplicación al proceso de edificación, entendiéndose por tal la acción y*



el resultado de construir un edificio de carácter permanente, público o privado, cuyo uso principal esté comprendido en los siguientes grupos: a) Administrativo, sanitario, religioso, residencial en todas sus formas, docente y cultural.” De feito os novos proxectos básicos que se achegan como consecuencia do novo replanteo da aliñación, están asinados polo arquitecto Raúl Víctor Ares Fuertes, sen embargo as facturas están emitidas polo Sr. Vidal González.

En atención ó disposto, e de conformidade co referido polo técnico de administración xeral adscrito á xefatura do departamento de urbanismo no seu informe emitido na data 12/07/2024, **enténdese que procede indemnizar a cantidade correspondente ao importe da redacción do proxecto básico de novembro de 2020 (en base ó que se outorgou a licenza de obras nº 31/21) e do proxecto de execución visado polo Colexio de Arquitectos de data 19/05/2022 (presentado na data 04/08/2022 co número 202200014737), ambos redactados por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P, previa acreditación debida dos gastos ocasionados por estes conceptos.**

3. **Revisión de proxecto de execución modificado por parte da OCT.** Demanda por este concepto a contía de **1.210 €**, segundo factura A 24020029 emitida pola entidade “*Enmacosa Consultoría Técnica, S.A.*”, pola “*asistencia técnica para recálculo de estrutura por una nueva revisión de proyecto debido al cambio de alineación*”.

Discrúpase totalmente do referido polo reclamante en relación a este concepto, polos seguintes motivos:

Primeiro.- Porque a descrición dos traballos que se indican na factura (“*asistencia técnica para recálculo de estructura por una nueva revisión de proyecto debido al cambio de alineación*”) nada ten que ver coa revisión do proxecto de execución por parte da OCT, é dicir, non se corresponde co concepto que demanda o reclamante.

Segundo.- Porque o recálculo da estrutura realizase para o proxecto de execución, é dicir, constitúe parte da documentación esixida no proxecto de execución, polo que este gasto xa estaría incluído na redacción do proxecto de execución.

En atención ó disposto, **enténdese que os gastos demandados por este concepto non deben ser obxecto de indemnización** por parte da administración municipal.

4. **Perda patrimonial polo retraso sufrido na execución das obras por mor do cambio de aliñación.** Demanda por este concepto a contía de **94.000 €**, segundo informe RealAdisor de taxación do prezo da vivenda no municipio de Ribeira, fundamentando a súa petición no cambio de aliñación, que supuxo un retraso na execución das obras e polo tanto na conclusión e disposición das mesmas para o seu aluguer, que concreta en 1 ano e 20 días (desde a data 27/04/2023 na que se define a aliñación polo arquitecto municipal, ata a data do outorgamento da nova licenza, 16/05/2024).



Discrúpase totalmente do referido polo reclamante en relación a este concepto polo seguinte motivo:

Porque, independentemente do erro na delimitación do eixo da vía pública cometido pola Administración municipal e que recoñece o xefe do departamento de urbanismo, **o retraso na execución das obras é unicamente imputable ó reclamante**. Así se deduce do expediente administrativo da licenza de obras número 31/21, xa que:

- Outorgase a licenza de obras número 31/21 por acordo da Xunta de Goberno Local na data 02/12/2021, notificado nesa mesma data ó reclamante.
- Ata un ano mais tarde, en concreto ata o 12/12/2022, o reclamante non presenta a documentación completa para o inicio das obras, incumprindo o prazo de 6 meses para iniciar as obras (entendese que dentro dese prazo de 6 meses tiña que ter presentada a documentación completa para o seu inicio) outorgado na licenza número 31/21 (**SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.**).
- Segundo indica o reclamante, na data 27/04/2023 verifícase o replanteo por parte da Administración municipal. Sen embargo, tarda case un ano en presentar a documentación corrixida, que presenta finalmente na data 31/03/2024 co número 202400007712.
- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/05/2024, outorgase ó reclamante o modificado da licenza de obras nº 31/21, advertindo o citado acordo que con anterioridade ó inicio das obras deberá presentar o proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos. Este acordo notificase ó reclamante na data 17/05/2024.
- Á data de hoxe, e revisado o rexistro de documentos de entrada do Concello de Ribeira, non consta a presentación do proxecto de execución por parte do reclamante e requirido por esta Administración. Isto é, case que dous anos despois da verificación do replanteo axeitado por este Concello, o reclamante segue sen ter presentado a documentación completa que lle habilite ó inicio das obras.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/02/2025, e visto o Dictame emitido polo Consello Consultivo de Galicia, de data 19/02/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Luis Miguel de Castro, representado por D. Pablo Vidal González, polo novo replanteo da aliñación da licenza de obras número 31/21, outorgada para a ampliación e reforma de edificio existente para vivendas en Rúa Norte, nº 25, parroquia de Palmeira,



municipio de Ribeira, polos motivos e fundamentos antes expostos, entendendo que procede indemnizar a cantidade correspondente ao importe da redacción do proxecto básico de novembro de 2020 (en base ó que se outorgou a licenza de obras nº 31/21) e do proxecto de execución visado polo Colexio de Arquitectos de data 19/05/2022 (presentado na data 04/08/2022 co número 202200014737), ambos redactados por NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P, previa acreditación debida dos gastos ocasionados por estes conceptos.

13.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a DOLORES MANEIRO RODRÍGUEZ POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2024 RESP000019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a DOLORES MANEIRO RODRÍGUEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/06/2024 co número 202414910, D^a M^a Dolores Maneiro Rodríguez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas por mor dunha caída ocorrida na data 09/06/2024 na entrada do Colexio de Deán Grande por mor do mal estado da zona.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 23/10/2024, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/a interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de notificación practicada ó interesado na data 08/11/2024.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.



SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/02/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Ter por desistida da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a Dª Mª Dolores Maneiro Rodríguez, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/06/2024, co número 202414910, e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 23/10/2024, notificado na data 08/11/2024. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

14.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ JESÚS POSE PÉREZ, POLOS DANOS SUFRIDOS NO SEU VEHÍCULO OCASIONADOS Ó BATER CUNHA FOCHA NA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ. EXPEDIENTE 2023 RESP000044.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ JESÚS POSE PÉREZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:



FEITOS

Primeiro.- O día 03 de outubro de 2023, D. José Jesús Pose Pérez, circulaba no vehículo da súa propiedade, con placas de matrícula 8750CRV, pola Rúa Alcalde Fernández Bermúdez, cando, de súpeto, bateu contra unha focha existente na calzada, ocasionándolle a rotura da roda dereita da parte de atrás do automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 09/11/2023 co número 202300026029, D. José Jesús Pose Pérez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 98,60 €, segundo factura de reparación dos danos emitida na data 13/10/2023 por “*Taller Mecánico A. Ternande*”, que achega co escrito de reclamación xunto cun albarán xustificativo da recollida do seu vehículo por mor do accidente emitido por “*Grúas Galicia*”.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 25/04/2024; declaración de non ter recibido indemnización, presentada polo reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 13/05/2024 co número 12.039; e informe emitido na data 16/01/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte do reclamante.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva



realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

É o titular do vehículo accidentado, polo que **ten lexitimación activa suficiente** para actuar no presente procedemento. Así se desprende da documentación que achega co seu escrito rexistrado de entrada na data 15/02/2024 co número 20243800.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura de reparación dos mesmos que achega o reclamante co seu escrito de reclamación.

Seguidamente, **cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario**, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade



FIRMANTE - FECHA



persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

A este respecto, da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local non tivo constancia do sucedido.** Así consta no informe emitido na data 25/04/2024: "(...) revisados los archivos policiales, le informo que no hay constancia alguna del suceso objeto de la reclamación."
- **A enxeñeira municipal tampouco tivo constancia do sucedido** aínda que no seu informe, en relación ao estado do lugar do accidente, dispón o seguinte: "La calle Alcalde Fernández Bermúdez se encuentra dentro de la zona del casco urbano de la parroquia de Ribeira, municipio de Ribeira, por lo que el límite de velocidad permitida es de 30 km/h. El estado del firme de la calzada, siendo apto para la circulación de vehículos, tiene el deterioro propio de un vial por el que circulan un importante número de vehículos a diario. Según información facilitada por el capataz de obras, suelen taparse baches en dicha calle, así como hacer reparaciones de forma habitual, con el fin de mantener el vial en condiciones aptas para la circulación. **La última reparación se realizó en noviembre de 2024 en la calle Miguel Rodríguez Bautista, que conecta con la calle Alcalde Fernández Bermúdez, desconociendo si se ha actuado en la calle que nos ocupa. Lo que también se desconoce es si en la fecha del accidente sufrido por el Sr. Pose Pérez (03/10/2023), existía un bache en la citada calle a la altura del establecimiento de venta de pinturas, y que ese bache tuviese la entidad suficiente como para ocasionar el accidente por el que se reclama, teniendo en cuenta las características del vial y los límites de velocidad de la zona, ya que en esas fecha no se ha realizado ninguna inspección por parte del departamento de obras públicas en dicha calle.**"

Pois ben, non que ao presente suposto se refire, non semella ser manifesta a existencia dun defecto estrutural na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, á altura do establecemento de pinturas. Aínda así, **a dificultade non radica soamente en determinar a existencia dunha focha na referida zona da rúa Alcalde Fernández Bermúdez, senón tamén, e sobre todo, en determinar se existe unha vinculación directa entre o defecto da vía e o dano xerado ó reclamante. A este respecto, o Sr. Pose Pérez non presenta ningunha proba da existencia da focha, (testemuñas, fotografías do lugar do accidente, etc), nin tampouco de que esa fose a causa que ocasionou os danos ó seu vehículo. Bótase en falla o informe da Policía local que precise como sucederon os feitos polos que se reclama, así como a súa autorizada opinión sobre o posible comportamento do condutor do automóbil, tendo en conta as características da vía e os límites de velocidade na zona.**

En consecuencia, **enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo con placas de matrícula 8750CRV, propiedade de D. José Jesús Pose Pérez.

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior ou a intervención de terceiros.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/02/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **D. José Jesús Pose Pérez**, polos danos no vehículo con placas de matrícula 8750CRV, polos motivos e fundamentos antes expostos.

15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MARCOS FRANCO DOVAL, POLOS DANOS SUFRIDOS NA SÚA BICICLETA Ó BATER CUNHA FOCHA CANDO CIRCULABA POLO PASEO DAS CAROLINAS. EXPEDIENTE 2023 RESP000034.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MARCOS FRANCO DOVAL** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 27 de xullo de 2023, D. Marcos Franco Doval, con DNI número 53481218P, circulaba en bicicleta polo Paseo das Carolinas, cando, á altura do número 30, bateu cunha focha existente na calzada, o que lle ocasionou graves danos na súa bicicleta.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/08/2023 co número 18.719, D. Marcos Franco Doval, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos, solicitando unha indemnización total de 1.687,95 €, por ser a contía do custe de reparación da súa bicicleta.

Co escrito de presentación da súa reclamación achega a seguinte documentación: unha fotografía do lugar do accidente; tres fotografías dos danos sufridos pola bicicleta; e un orzamento emitido na data 08/08/2023 pola entidade "*Dalle Pedal Venta, Reparación e Aluguer de bicicletas*", do custo de reparación da bicicleta.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 16/05/2024 pola Policía Local; Parte de Servizo número 7702 realizado pola Policía local na data do accidente; orzamento dos danos ocasionados, presentado polo reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/04/2024 co número 202400009085; Acta de declaración de testemuña practicada na data 25/10/2024; e informe emitido na data 16/01/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte do reclamante.

Non obstante, consta escrito de Mapfre (en concepto de entidade aseguradora do Concello), emitido na data 28/01/2025, no que se dispón que existe relación de causalidade entre os feitos e o funcionamento do servizo público, o que levaría a determinar a estimación da reclamación polo importe de 1.687,95 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 28/02/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/02/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2025 10:55:22



producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimado o Sr. Franco Doval para deducir a reclamación de indemnización dos danos sufridos na súa bicicleta.** E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do accidente.

Polo que se refire ao fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada, cómpre ter en conta que **o dano material ten que ser aceptado como certo á vista do orzamento de arranxo da bicicleta que achega o reclamante co seu escrito de demanda de responsabilidade patrimonial.**

Da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local tivo constancia do sucedido.** Así consta no informe emitido na data 16/05/2024, no que se ratifica no Parte de Servizo número 7702 realizado por mor do accidente. Así mesmo, neste informe afirmase que, no intre do accidente, á altura do número 30 do Paseo das Carolinas existía unha focha que estaba situada no carril de circulación dirección A Pobra do Caramiñal, que tiña entidade suficiente como para causar os danos que se observaron na bicicleta, e que non existía ningún sinal de preaviso en relación á focha. Indica tamén que: “o Paseo das Carolinas non conta con carril-bici, conta pola contra con acera-bici, no entanto esta carece de sinalización vertical, é dicir non hai un sinal de obrigación R-407.a “*Vía reservada para ciclos ou vía ciclista. Obrigación para os condutores de ciclos de circular pola vía a cuxa entrada esté situada e prohibición aos demais usuarios da vía de utilizala*” (...). Así as cousas, en ausencia de dita sinalización, non pode ser esixible a obriga de circulación das bicicletas pola dita acera-bici, pois non lles está “especialmente destinada”, sendo de aplicación o artigo 36 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 02 de marzo “*Los conductores de vehículos de tracción animal, vehículos especiales con masa máxima autorizada no superior a 3.500 kilogramos, ciclos, ciclomotores, vehículos para personas de movilidad reducida o vehículos en seguimiento de ciclistas, en el caso de que non exista vía o parte de ella que les esté especialmente destinada, circularán por el arcén de su derecha, si fuera transitable y suficiente para cada uno de éstos, y, si no lo fuera, utilizarán la parte imprescindible de la calzada...*”
- **A testemuña** proposta polo reclamante dou conta do sucedido tal e como consta na acta da proba testemuñal que se practicou na data 25/10/2024, na que asegura a existencia dunha focha bastante considerable no lugar do accidente, que foi imposible esquivar pola velocidade á que circulaban.
- **A enxeñeira municipal dispón o seguinte no informe emitido ó respecto:**
a) Titularidad del lugar del accidente y competencia para su mantenimiento:



*El lugar del accidente es el Paseo de las Carolinas, que no es de titularidad municipal, sino que seu titular es Portos de Galicia y a ellos compete su mantenimiento y conservación. B) Conocimiento de los hechos por los que se reclama: No se tuvo conocimiento de los hechos objeto de la reclamación. C) Estado del lugar del accidente: El estado del firme de la calzada, siendo apto para la circulación de vehículos, tiene el deterioro propio de un vial por el que circulan un importante número de vehículos a diario. **El desgaste que se aprecia en el firme, tras la inspección realizada para la elaboración de este informe, requiere de unas obras de asfaltado en todo el Paseo, que serían competencia del ente titular del mismo. Se desconoce si en la fecha del accidente sufrido por el Sr. Franco Doval (11/08/2023), existía el bache contra el que el reclamante dice haber impactado, y si ese bache tenía la entidad suficiente como para ocasionar el accidente por el que se reclama, ya que en esas fechas no se ha realizado ninguna inspección por parte del departamento de obras públicas en la citada zona (...).**"*

Polo exposto, é ó amparo do informe emitido pola enxeñeira municipal, enténdese que a lexitimación pasiva non corresponde ó Concello de Ribeira, por non ser o titular do lugar no que ocorreu o accidente, e, polo tanto, non ser a Administración responsable da vixilancia, mantemento e conservación do mesmo.

Non cumpríndose todas as cuestións formais e os presupostos xurídicos esenciais da responsabilidade patrimonial, ao fallar a lexitimación pasiva do Concello de Ribeira, non procede entrar nas cuestións de fondo que suscita o expediente, como é a concorrencia ou non dunha relación de causalidade entre os danos acreditados e o funcionamento do servizo público.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/02/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Marcos Franco Doval polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

SEGUNDO.- Remitir ás actuacións á administración autonómica e notificar esta circunstancia ós interesados, de conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

16.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. LUÍS HERMO BRETAL POLOS DANOS CAUSADOS NA SÚA VIVENDA COMO CONSECUENCIA DAS OBRAS NAS RÚAS BUENOS AIRES E DELICIAS. EXPEDIENTE 2024 RESP000020.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. LUIS HERMO BRETAL**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:



FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/06/2024 co número 202414950, D. Luis Hermo Bretal, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos causados na súa vivenda, sita no número 40 da Rúa Buenos Aires, parroquia de Corrubedo, municipio de Ribeira, como consecuencia das obras de reparación e acondicionamento das Rúas Buenos Aires e Delicias.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 04/11/2024, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/a interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a titularidade do inmovible que resultou danado, nin especifica o momento en que o dano efectivamente se produciu, nin a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de notificación practicada ó interesado na data 08/11/2024.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*



FIRMANTE - FECHA



CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/02/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Ter por desistido da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. Luis Hermo Bretal, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/06/2024, co número 202414950, e **declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 04/11/2024, notificado na data 08/11/2024.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

17.- VAO PERMANENTE - Rosario Callón García

Visto o escrito presentado por **Rosario Callón García**, de data 19/02/2025 (Rexistro de entrada nº 4.009), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Abesadas, nº 5 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 23/02/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Rosario Callón García**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Abesadas, nº 5 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO TEMPORAL DA SALA DE ENSAIOS MUNICIPAL – Asociación AMBAR

Visto o informe con proposta de resolución emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar, Antía Alberte Maneiro, de data 24/02/2025, relativa á cesión de uso temporal da Sala de Ensaos Municipal pola Asociación AMBAR, e no que expón:

“Atendendo a solicitude presentada por Milagros Rey Pérez, en nome da Asociación Ambar, rexistro municipal de data 24 de xaneiro de 2025 co número 2025 1798, interesando levar a cabo o Proxecto Podcast diversos coa fin de poñer no espazo público as inxerencias e preocupacións das persoas con diversidade e fomentar que se expresen en primeira persoa sendo protagonistas das súas propias vidas, para afinanzar a súa autoconfianza e visibilizar as súas capacidades.

Para levar a cabo este proxecto solicita dun espazo insonorizado e accesible onde poder facer a grabación do programa.

O calendario de uso vai do 4 de marzo ata o 6 de maio de 2025 un día por semana (martes) e en horario de 11.00 a 13.00 horas.

Considerando á natureza desta actividade propoño a disposición da Sala de Ensaos do Auditorio (Avda. Constitución- Ribeira) para realizar este proxecto.

Por isto, INFORMO favorablemente a disposición da Sala de Ensaos do Auditorio para realizar o Proxecto Podcast a petición da Asociación Ambar no calendario que vai do 4 de marzo ata o 6 de maio de 2025, un día por semana (martes) en horario de 11.00 a 13.00 horas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- **Conceder** o uso temporal, e en precario, da Sala de Ensaos do Auditorio (Avda. Constitución-Ribeira) á Asociación Ambar para realizar *Proxecto Podcast* os martes de 11.00 a 13.00 horas desde o 4 de marzo ao 6 de maio de 2025.

2.- Cumprir o solicitante as seguintes **CONDICIÓN DE USO**:

- 1) Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 2) En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 3) Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.



19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL “MARÍA VILAS” Á FEDERACIÓN GALEGA DE SOCORRISMO”, PARA A IMPARTICIÓ DO CURSO DE FORMACIÓ EN SALVAMENTO E SOCORRISMO

LOGO DE VER que D. Miguel Ángel Barreiro Reiriz, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DE SALVAMENTO E SOCORRISMO., presenta escrito de data 20-02-2025, con número de rexistro de entrada municipal 4.068, solicitando:

*“A ÁREA DE DEPORTES DO CONCELLO, EN NOME DA FEDERACIÓN GALEGA DE SOCORRISMO DE GALICIA, SOLICÍTASE O USO DAS INSTALACIÓNS D A PISCINA MUNICIPAL, TAL E COMO XA FALAMOS COA ALCALDÍA E COS TÉCNICOS E XERENCIA DA MESMA, DURANTE OS **SABADOS E DOMINGOS (EN HORARIO DE 10 A 14, SE NON HAI CLUBE ENTRENANDO E DE 16 A 20:00 OS SABADOS E DE 10 A 14 OS DOMINGOS) DENDE O 22 DE MARZO ATA O 23 DE MAIO DO PRESENTE ANO, CERRARÁSE O HORARIO DE AUGA EN VINDEIROS DÍAS CON DITOS TÉCNICOS PARA DEIXAR LIBRE O MÁXIMO DE DÍAS POSIBLES AS INSTALACIÓNS. AS RUAS QUE SE POIDAN USAR NA PILETA ACORDARÉMOLA COA PROPIA XERENCIA E TÉCNICOS SEN NINGÚN TIPO DE ESIXENCIA POLA NOSA PARTE TAL E COMO SE FIXO ANOS ANTERIORES. NECESITARÍAMOS A MAIORES O DÍA 15 DE MARZO POLA MAÑÁ DUAS RÚAS PARA PODER FACER AS PROBAS DE ACCESO, EN HORARIO DENDE REMATE DE ENTRENAMIENTO DO CLUBE DE NATACIÓ ATA AS 14:00.***

ADXUNTO EN ARCHIVO CONVOCATORIA E CARTAZ ACEPTADO POLO CONCELLO”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. A piscina municipal “María Vilas”, non ten actividade programada para as datas solicitadas (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira e unha actividade de Club Natación Ribeira o 23 de marzo de 2025).
4. Xunto coa solicitude, presentan cartel da actividade así coma a convocatoria do curso.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 25-02-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 25-02-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas” á “FEDERACIÓN GALEGA DE SALVAMENTO E SOCORRISMO”, para a celebración dun curso de formación específica de salvamento e socorrismo, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7^º.2 da *“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será dende o **15 de marzo ata o 23 de maio de 2025 (sábados de 10 h. a 14h. e de 17 h. a 21h.; domingos de 10 h. a 14 h.)**. O domingo 23 de marzo,



non poderá ser utilizada a piscina “María Vilas” debido a que está prevista unha actividade do Club Natación Ribeira.

- O solicitante deberá coordinar en todo momento, o uso das instalacións cos responsables do departamento de deportes en canto ao número de rúas e resto de espazos a utilizar (o número de rúas cedidas para a realización do curso, poderá variar en función da afluencia de usuarios así como pola celebración de outras actividades).
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

20.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER Á ESCOLA DE BOXEO “EL CANARIO”, PARA A CELEBRACIÓN DA XIII VELADA DE BOXEO CIDADE DE RIBEIRA E O CAMPIONATO GALEGO DE FORMAS EN IDADE ESCOLAR

LOGO DE VER que D. Israel Benítez Somoza, en representación da escola de boxeo “El Canario”, presenta 3 escritos de datas 29/12/2024(2) e 11-02-25; con números de rexistro de entrada municipal 31.325, 31.328 e 3.326, solicitando:

- *“LA UTILIZACIÓN DEL PABELLÓN TORRES COLOMER DURANTE EL DIA 29/03/2024, EN HORARIO DE TARDE/NOCHE CON MOTIVO DE LA CELEBRACION DE LA XIII VELADA DE BOXEO CIUDAD DE RIBEIRA. ADEMAS SOLICITAMOS QUE NOS FACILITEN 10 VALLAS DE CONTROL, 2 MESAS Y BOTELLINES DE AGUA PARA LOS PARTICIPANTES. TAMBIEN NECESITAARIAMOS LA PRESENCIA DE UNA AMBULANCIA”.*
- *“MODIFICACION DE LA FECHA DEL EVENTO (XIII VELADA DE BOXEO CIUDAD DE RIBEIRA) DE LA SOLICITUD CON Nº DE REGISTRO 202400031325, LA FECHA ES 29/03/2025”*
- *“CON MOTIVO DA CELEBRACION DO CAMPEONATO GALEGO DE FORMAS DE BOXEO EN IDADE ESCOLAR SOLICITAMOS O PABELLON TORRES COLOMER (PALMEIRA) O DÍA 29 DE MARZO DE 2025 DE 09:00 A 15:00”*

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS



FIRMANTE - FECHA



1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón Alcalde Torres Colomer non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 19-02-25, e do concelleiro delegado de deportes, de data 19-02-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer á Escola de Boxeo “El Canario”, para a celebración da “XIII Velada de Boxeo Ciudad de Ribeira” e para o Campionato Galego de Formas en Idade Escolar, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **sábado 29 de marzo de 2025 ao longo de toda a xornada**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- **Ceder 10 vallas de separación, 10 cadeiras e 5 mesas** para o desenvolvemento do evento.
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.



- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

21.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN Á “ASOCIACIÓN GALEGA DA ENFERMIDADE DE DENT”, PARA A REALIZACIÓN DA 2ª ANDAINA SOLIDARIA “UN RAI DE LUZ”, EN FAVOR DA INVESTIGACIÓN DA ENFERMIDADE DE DENT

LOGO DE VER que Dna. María del Mar Castelao Fraga, en representación da “Asociación Galega da Enfermidade de Dent”, presenta escrito de datas 24-11-2024, con número de rexistro de entrada municipal 28.716, solicitando:

PERMISO E AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA 2ª EDICIÓN DA ANDAINA SOLIDARIA UN RAI DE LUZ EN FAVOR DA INVESTIGACIÓN DA ENFERMIDADE DE DENT PARA O VINDEIRO 29 DE MARZO DE 2025 EN HORARIO DE TARDE (AÍNDA POR DETERMINAR). SOLICITAMOS A COLABORACIÓN DE DEPORTES E DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO PARA PODER LEVALA A CABO.

Consultados os organizadores do evento, argumentan:

- *Que a saída e chegada da andaina será na Praza de España, polo que solicitan poder ocupar o citado espazo para a montaxe da infraestrutura necesaria así coma da saída e chegada da proba, durante toda a tarde.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 18-02-25, e do concelleiro delegado de deportes, de data 19-02-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Conceder autorización á “Asociación Galega da Enfermidade de Dent” para realizar a 2ª Edición da Andaina Solidaria “Un Raio de Luz”, en favor da enfermidade de Dent, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **29 de marzo de 2025** de 15.00h. a 21.00h.. Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.



- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- **Autorizar a ocupación da Praza de España**, de 15.00 a 21.00 horas, coma punto de montaxe de infraestrutura así coma da saída e chegada da proba.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

22.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO MUSICAL “II FESTIVAL DE DJs BAR BAN SOUND DE PASCUA” ESPAZO PÚBLICO DE COROSO (RIBEIRA) – Espectáculos Cantaruxa, S.L.

Queda sobre a mesa pendente dun maior estudo o escrito presentado por David Sampedro González en representación de **Espectáculos Cantaruxa, S.L.**, de data 13/02/2024 (Registro de entrada nº 3.519), no que solicita autorización para a celebración dun evento musical “II Festival de DJs Bar Ban Sound de Pascua” na explanada municipal de Coroso (Ribeira), o día 19/04/2025, en horario de 18:00 h. a 04:00 h aproximadamente, con instalación dunha carpa pechada con valado.

23.- SOLICITUDE INSTALACIONES DE BADEIROLAS PUBLICITARIAS DA “13ª FEIRA DE OPORTUNIDADES” E DA “69ª FEIRA DE ANTIGÜIDADES” – Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada

Visto o escrito presentado por Gonzalo Louzao Dono en representación da **Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada**, de data 19/02/2025 (Registro de entrada nº 3.991), no que solicita autorización para colocar bandeirolas publicitarias nos accesos a Ribeira, do 01 ao 15/03/2025, para publicitar a “13ª Feira de Oportunidades” e a “69ª Feira de Antigüidades”, co compromiso de retiralas o 15/03/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a colocación de bandeirolas publicitarias nos accesos a Ribeira, do 01 ao 15/03/2025, para publicitar a “13ª Feira de Oportunidades” e a “69ª Feira de Antigüidades”.
- Ditas bandeirolas deberán ser retiradas o 15/03/2025
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



24.- SOLICITUDE HABILITACIÓN DE ZONA DE CARGA/DESCARGA EN AVENIDA DA CONSTITUCIÓN (RIBEIRA) – Suministros Outeiro, S.L.

Queda sobre a mesa pendente dun maior estudo o escrito presentado por José Crujeiras Sampedro en representación de **Suministros Outeiro, S.L.**, de data 11/07/2024, no que solicita a habilitación dunha zona de carga/descarga na Avenida da Constitución (Ribeira).

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María del Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA)

VISTO o escrito presentado por **María del Mar Pego Santos** en representación establecemento “Bar Reviravolta” (Olveira), de data 21/02/2025 (Registro de entrada nº 4.309), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Reviravolta” (Olveira), o día 01/03/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a María del Mar Pego Santos, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Reviravolta” (Olveira), o día 01/03/2025.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Reviravolta” (Olveira) (María del Mar Pego Santos), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con*



percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Intendente da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA BARBANZA, PARA A CELEBRACIÓN 4ª CHALLENGE VOLTA DE CICLISMO O BARBANZA “A ORIXE”

LOGO DE VER que D. D. Ricardo Riveiro Núñez, en representación do “Club Ciclista Barbanza”, presenta escrito de data 15-02-2025, con número de rexistro de entrada municipal 3688, solicitando:

“QUE OS DÍAS 12 E 13 DE ABRIL O CLUB CICLISTA BARBANZA ORGANIZA A PROBA CI-CLISTA PARA A CATEGORÍA XUVENIL PUNTUABLE PARA O RANKING DA REAL FEDERACIÓN ES-



PAÑOLA DE CICLISMO E PUNTUABLE PARA COPA DE GALICIA DE XUVENÍS, NOMEADA "4ª CHALLENGE VOLTA O BARBANZA " A ORIXE" ORGANIZADA POLO NOSO CLUB E PATROCINADA POLA MANCOMUNIDADE BARBANZA AROUSA QUE PASA POLA SUA LOCALIDADE.

INFORME DE VIABILIDADE PARA REALIZACIÓN DA MENCIONADA PROBA CICLISTA PARA CALQUERA DÚBIDA PODEN CONTACTAR CO RESPONSABLE DA PROBA SANTIAGO CAJARAVILLE 670468617"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."
- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
"Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal".
- Xunto coa solicitude presentan:
 - Autorización da Federación Galega de Ciclismo para a realización da proba.
 - Certificados dos seguros de accidentes e R.C..
 - Certificado de ter contratada ambulancia para a proba.
 - Regulamento.
 - Rutómetro.
 - Plano de acupación da zona do Malecón de Ribeira o día da proba.
- O informe do inspector xefe da Policía Local de Ribeira, de data 18-02-25, non atopa impedimento algún á celebración desta proba deportiva.
- Ao ser un evento que transcorre por varios concellos, os organizadores deben conseguir informe favorable de cada un deles, para poder tramitar a correspondente autorización a **Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas** a través do procedemento PR477A a presentar na Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia A.P e Xustiza

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 24-02-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 24-02-25, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Informar favorablemente a celebración da segunda xornada da "4ª CHALLENGE VOLTA CICLISTA AO BARBANZA – "A ORIXE", o **13 de abril de 2025**. Informe necesario para solicitar autorización ante a Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia A.P e Xustiza, cos seguintes condicionantes:

- Autorizar a ocupación da zona do Malecón de Ribeira, o **domingo 13 de abril de 2025, de 07.00 a 15.00** horas, para a montaxe da infraestrutura necesaria de saída – chegada da proba (tal como se indica no plano de solicitude).
- Liberar a zona do Malecón de vehículos así coma reservar zonas para a organización do evento (tal como se indica no plano da solicitude).



- A emisión deste informe favorable, non exige aos organizadores, da necesidade de conseguir as autorizacións que correspondan de outras entidades, tanto a nivel público coma privado .
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da proba).

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Saiñas Cadabal (ARGENTINO)

VISTO o escrito presentado por **María Dolores Saiñas Cadabal** en representación establecemento “A Taberna do Argentino” (Carreira), de data 24/02/2025 (Rexistro de entrada nº 4.386), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), o día 28/02/2025, en horario de 21:30 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a María Dolores Saiñas Cadabal, para evento musical no establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), o día 28/02/2025, en horario de 21:30 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “A Taberna do Argentino” (Carreira) (María Dolores Saiñas Cadabal), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación*



acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Intendente da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



28.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO MOTEIRO – Motoclub Reventapistóns

Visto o escrito presentado por Iván Olveira Abelleira en representación de **Motoclub Reventapistóns**, de data 14/02/2025 (Registro de entrada nº 3.685), no que solicita autorización para:

- A celebración dun evento moteiro (Kedada) da Asociación Motoclub “Reventapistóns”, o vindeiro 22/03/2025.
- Autorización para poder acceder á Praza de España como punto de reunión do evento, facer diversas actividades, e con montaxe de barra para a venda de bebidas, necesitando ese espazo desde as 10:00 h. ata as 22:00 h.
- Colaboración municipal con 5 contedores, 150 m. de valado e conos.
- Colaboración municipal coa disposición das rúas Mendiño e Travesía da rúa Canarias para usalas como zona de estacionamento das motos, así como o corte da rúa Mendiño desde as 15:00 h. ata as 21:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun evento moteiro (Kedada) da Asociación Motoclub “Reventapistóns”, o vindeiro 22/03/2025.
- Autorización para poder acceder á Praza de España como punto de reunión do evento, facer diversas actividades, e con montaxe de barra para a venda de bebidas, desde as 10:00 h. ata as 22:00 h.
- **Deberán ponerse en contacto coa empresa Urbaser** para que lle sexan facilitados os 5 contedores solicitados.
- Non autorizar a cesión de uso de 150 m. de valado e conos.
- Prestar a colaboración municipal coa disposición das rúas Mendiño e Travesía da rúa Canarias para utilizalas como zona de estacionamento das motos, así como o corte da rúa Mendiño desde as 15:00 h. ata as 21:00 h., **debendo ponerse en contacto coa Policía Local**.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Café Bar A Cambadesa

Visto o escrito presentado por Sidi Randan El Id en representación do establecemento hostaleiro **Café Bar A Cambadesa**, de data 26/02/2025 (Registro de entrada nº 4.622), no que solicita autorización para a ocupación temporal de espazo público cun pulpeiro, o día 01/03/2025, en horario de 11:30 h. a 15:30 h., na Rúa Diego Delicado (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación temporal de espazo público cun pulpeiro, o día 01/03/2025, en horario de 11:30 h. a 15:30 h., na Rúa Diego Delicado (Ribeira).
- Deberán gardar a debidas medidas de seguridade para participantes e peóns.
- Deberán deixar o espazo completamente limpo una vez rematado o evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



30.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Ángel Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Ángel Petrovich Costa**, de data 26/02/2025 (Registro de entrada nº 4.570), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (“Pesca parrulos”), no “sitio habitual de sempre”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha atracción de feira (“Pesca parrulos”), na Praza de España, **debendo precisar as datas nas que pretende instalar a atracción.**
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- No momento de instalar a citada atracción de feira deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada e actualizada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta así como as datas de instalación do citado posto de venda ambulante.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

31.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Beatriz Gómez Costa

Visto o escrito presentado por **Beatriz Gómez Costa**, de data 26/02/2025 (Registro de entrada nº 4.611), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas), os días 03, 04 e 05/03/2025, na zona de Bandourrío (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Beatriz Gómez Costa** para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas), os días 3, 4 e 5/03/2025, na **Praza de Pontevedra** (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.
- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



32.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Fernando Fernández Gómez

Visto o escrito presentado por **Fernando Fernández Gómez**, de data 26/02/2025 (Registro de entrada nº 4.620), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Améndoas), a semana do Entroido, na Rúa de Bandourrío (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Fernando Fernández Gómez** para a instalación dous postos de venda ambulante (Améndoas), a semana do Entroido, **na Praza de Pontevedra** (Ribeira).
- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

33.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓNS DE FEIRA – Atracciones Fercosti

Visto o escrito presentado por Thalia Barral Teira en representación de **Atracciones Fercosti**, de data 26/02/2025 (Registro de entrada nº 4.649), no que solicita autorización para a instalación de dúas atraccións de feira (“Tren Pof-Pof” e “Inchable Balea XXL”), durante as festas do Entroido de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación dunha atracción de dúas atraccións de feira (“Tren Pof-Pof” e “Inchable Balea XXL”), **na Praza de España (Ribeira).**
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- No momento de instalar a citada atracción de feira deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada e actualizada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta así como as datas de instalación do citado posto de venda ambulante.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

